



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 2 DE FEBREIRO DE 2024

PRESIDENTE ACCIDENTAL:

JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE

MEMBROS:

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

LUCIA PICOS ANEIROS

AUSENTES:

Escusa a súa asistencia o Concelleiro:

ISMAEL DURAN BEREIJO

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:45 horas do día 2 de febreiro de 2024, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente accidental, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia accidental, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 19.01.2024

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia accidental pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 19.01.2024 e ao non producirse ningunha, a Presidencia accidental somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. LICENZA DE EDIFICACIÓN (Expte. 2023/U022/000016)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 30.01.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 02.02.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN (Expte. 2023/U022/000016)



ANTECEDENTES DE FEITO

Os antecedentes de feito que se refiren son reflexo de parte da documentación que consta no expediente electrónico 2023/U022/000016 non é unha relación exhaustiva, atopándose incorporada a documentación completa ao expediente referido na aplicación informática Tedec.

Así do apartado “Información” do expediente electrónico se desprenden os seguintes antecedentes por orde cronolóxica:

1.-Con data 14.03.23 (rex entrada 20239990000601) D. _____, en representación de D. _____, solicita licenza de edificación para vivenda unifamiliar aillada e peche de parcela na R/ _____ ref. catastral _____, achegando documentación técnica ao respecto.

Achégase así mesmo escrito de autorización de representación de D. _____ a favor de _____, asinado en manuscrito polo outorgante, obrando en poder desta Administración o seu DNI.

2.- Con data 17.3.23 dítase providencia de Alcaldía de requirimento de documentación (xustificante pago taxa da licenza de edificación). Notifícase con data 17.3.23.

3.- Con data 20.3.23 (rex entrada 0895) D^a _____ presenta escrito achegando documentación (xustificante pago taxa por importe de 411 euros) para incorporar ao expediente.

4.- Con data 21.4.23 (rex entrada 1336) D. _____ presenta escrito achegando documentación (certificación catastral descritiva e gráfica) para incorporar ao expediente.

5.- Con data 30.5.23 o arquitecto técnico municipal emite informe técnico concluínte en sentido desfavorable co seguinte contido:

“Expediente: 2023/U022/000016

Asunto: VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA E PECHE DE PARCELA EN

Interesado/s:

Situación: RÚA

Referencia catastral:

Data da solicitude: 14/03/2023 00:00:00

Datos da solicitude de presente informe: 30/03/2023

Procedemento: Licenza de Edificación

INFORME TECNICO

1. FINALIDADE E ALCANCE INFORME:

Este informe refírese exclusivamente aos aspectos urbanísticos, de cumprimento do plan vixente, nos aspectos da competencia do técnico asinante e non a calquera outra cuestión, aos únicos efectos do solicitado, segundo os datos que se achegan, a información de que se pode dispoñer e consultados os arquivos existentes no servizo correspondente.

2. NORMATIVA E REFERENCIAS:

-Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana (TRLSRU)

-Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE)



- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio (DOT)
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL)
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (PBA)
- Plan Xeral de Ordenación Urbana do termo municipal de Cedeira do ano 1995 (PXOM)
- Ordenanza de regulación de tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Cedeira (BOP 13 de outubro de 2014 nº 195)
- Decreto 29/2010, de 4 de marzo de 2010, por el que se aproban las normas de habitabilidade de viviendas de Galicia(NHV)
- Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, por el que se aprueba el Código Técnico de la Edificación (CTE)

3. ANTECEDENTES

Constan os seguintes antecedentes de interese para a emisión do presente informe:

1. 30/03/2023. Incorporase ao expediente solicitude de Informe Técnico.

4. DOCUMENTACIÓN:

Proxecto básico vivenda unifamiliar aislada e piscina, redactado por LORENZO&CENDAL ARQUITECTURA E XESTIÓN, SLP rexistrada no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia co número 30047, sendo o arquitecto responsable José María Lorenzo Fernández, co nº de colexiación 2.891, redactado en marzo de 2023, e visado do COAG de data 14/03/2023.

5. CONSIDERACIÓNS

Primeira. Afeccións sectoriais.

Cós datos de que se dispoñen sinálase o seguinte:

ORGANISMO	AFECCIÓN	CONSTA	CUMPRIMENTO CONDICIÓN	OBSERVACIÓN
Servizo de Patrimonio cultural	Sitúase nun contorno de protección conforme ao PBA	Non	--	

Información obtida dos sistemas de información xeográfica dos organismos competentes na materia, así como do PBA e PXOM.

Segunda. Réxime de aplicación e parámetros urbanísticos.

- A. **Clasificación:** Solo urbano
- B. **Categoría:** Solo urbano consolidado
- C. **Cualificación:** Solo urbano residencial de baixa densidade grado 1
- D. **Ordenanza aplicable:** BD-1
- E. **Finalidade da actuación:** licenza de edificación
- F. **Uso ao que se destinará:** Vivenda unifamiliar
- G. **Tipo de obras:** obras suxeitas ao réxime de licenza municipal
- H. **Categoría das obras:** actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación precisen de proxectos de obras de edificación.
- I. **Director da obra:** José María Lorenzo Fernández, arquitecto colexiado COAG 2.891.
- J. **Director de execución da obra:** -
- K. **Coordinador de Seguridade e saúde:** -
- L. **Orzamento de execución material das obras:** 68.500 €

Terceira. Análise urbanística.



3.1. Adosamento obrigatorio.

Na ordenanza de aplicación (Solo urbano residencial de baixa densidade grado 1), nas súas determinacións particulares, indica que se producirá a obrigatoriedade adosar, en tódolos casos que exista edificación colindante que presente medianeira no linde, establecendo como condición que esta medianeira estea conforme a ordenamento e que, no caso de construción entre medianeiras, non se produzan construción sucesivas sen interrupción en mais de 48,00 metros.

A actuación solicitada non resulta conforme coa legalidade urbanística, polo seguinte:

1. Existe edificación colindante que presenta medianeira no linde.
2. A medianeira sitúase fóra do recuado de 3,00 a aliñación en grado 1.
3. A actuación solicitada non se acaroa a dita medianeira, proponse como edificación illada.

Ao abeiro dos determinacións particulares da ordenanza de Solo urbano residencial de baixa densidade grado 1 do PXOM.

3.2. Integración ao entorno.

O proxecto non xustifica a adaptación ao entorno da edificación, en particular da cuberta plana, a tal efecto, as construcións haberán de adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e favorecer a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

Con respecto a tipoloxía, a ordenanza de aplicación indica que as edificacións serán de traza sinxela con cubertas tradicionais.

A actuación solicitada non resulta conforme coa legalidade urbanística, polo seguinte:

4. Cuberta plana invertida non transitible con acabado en grava.

Ao abeiro do Tomo III. Normas de aplicación directa. Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe. da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

Ao abeiro dos determinacións particulares da ordenanza de Solo urbano residencial de baixa densidade grado 1 do PXOM.

Observacións

Visto os anteriores, que imposibilitan a actuación, non se pode entrar a analizar polo miúdo o axuste do proxecto á restante normativa aplicable, e polo tanto non se fan maiores consideracións.

6. CONCLUSIÓNS

A vista do exposto, emítense as seguintes conclusións:

A actuación solicitada informase no seguinte sentido:

- Informe DESFAVORABLE nos seguintes termos e motivación:
 - o Termos: A licenza urbanística non resulta conforme coa legalidade urbanística
 - o Motivación: Apartado de “Consideracións” do presente informe técnico”

6.- Con data 1.6.23 ditase providencia de Alcaldía concedendo trámite de audiencia ao interesado. Notifícaselle con data 2.06.23.

7.- Con data 1.9.23 (rex entrada 202399900001854) D. _____ en representación de D. _____ presenta escrito achegando documentación (proxecto básico de vivenda unifamiliar aillada e piscina en R/ _____ documento refundido, visado polo COAG na data 1.9.23) para incorporar ao expediente.

8.- Con data 9.1.24 (rex entrada 202499900000038)D. _____ en representación de D. _____ presenta escrito do interesado no que se solicita que se emitan os informes técnico e xurídico necesarios para continuar coa tramitación do expediente toda vez que o retraso inxustificable vulnera os seus intereses e imposibilita a adopción das medidas pertinentes para a defensa dos seus lexítimos intereses.



9.- Con data 22.1.24 emite informe técnico o arquitecto técnico municipal sobre a documentación presentada co seguinte contido:

“Expediente: 2023/U022/000016

Asunto: VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA E PECHE DE PARCELA.

Interesado/s:

Situación: RÚA DO

Referencia catastral

Data da solicitude: 14/03/2023 00:00:00

Procedemento: Licenza de Edificación

INFORME TECNICO

- **FINALIDADE E ALCANCE INFORME:**

Este informe refírese exclusivamente aos aspectos urbanísticos, segundo os datos que se achegan, a información de que se pode dispoñer e consultados os arquivos existentes no servizo correspondente, nos aspectos da competencia do técnico asinante e non a calquera outra cuestión, aos únicos efectos do solicitado.

a) CONSIDERACIÓNS:

A documentación achégase no trámite de audiencia, previo informe técnico desfavorable, polo que se analizan como alegacións.

Analizadas as alegacións presentadas, que se presentan en forma de novo proxecto, e no relativo ao contido técnico das mesmas, non se expoñen ou aportan cuestións e/ou documentación técnicas que modifiquen o informado anteriormente, o cal se analiza nas seguintes consideracións.

2.1. Primeira

Escrito de

Expediente: 2023/U022/000016

Rexistro de entrada 202399900001854

Data de rexistro de entrada: 01/09/2023

Documento: Proxecto Básico de vivienda unifamiliar aislada y piscina en Rúa Documento
refundido setembro 2023.

Contido: (En resumo) Achégase novo proxecto básico refundido visado98.

1º Apartado

Contido: Adosamento obrigatorio. Plano U02.

Licenza de segregación con número de expediente 2023/U018/000005

Informe:

A data do presente informe consta licenza de parcelación concedida, con número de expediente 2023/U018/000005 pero con unha única referencia catastral.

Observacións

A existencia dunha licenza de parcelación, nos termos expostos, afecta á consideración terceira 3.1. adosamento obrigatorio do informe técnico emitido en data 30/05/2023, no relativo ao parágrafo de “...Na ordenanza de aplicación (Solo urbano residencial de baixa densidade grado 1), nas súas determinacións particulares, indica que se producirá a obrigatoriedade adosar, en tódolos casos que exista edificación colindante que presente medianeira no linde, establecendo como condición que esta medianeira estea conforme a ordenamento e que, no caso de construción entre medianeiras, non se produzan construción sucesivas sen interrupción en mais de 48,00 metros.”

En todo caso, esta modificación da posición da edificación, non afecta a consideración 3.2. do informe técnico emitido en data 30/05/202, e en consecuencia ao ditame desfavorable.

2º Apartado

Contido: Memoria urbanística 1.4. Integración ao entorno.

Informe:

Faise a exposición duns feitos xa coñecidos e tidos en conta no expediente, sen novo contido técnico



que analizar. Na documentación non se expoñen ou aportan cuestións e/ou documentación técnicas que modifiquen o informado anteriormente, polo que se reitera o sentido do informe técnico emitido.

Conclusión: *NON* procede estimar o exposto

Visto o anterior, que imposibilita a actuación, non se pode entrar a analizar polo miúdo o axuste do proxecto á restante normativa aplicable, e polo tanto non se fan maiores consideracións.”

10.- Con data 22.1.24 ditase providencia de Alcaldía pola que se solicita a emisión de informe xurídico.

11.- Con data 24.01.24 emite informe xurídico a técnico de administración xeral cuxo contido se reproduce nas consideracións xurídicas desta proposta de acordo e no que se conclúe que:

“Vista a documentación do expediente, en concreto, constando no mesmo informes técnicos concluíntes emitidos polo arquitecto técnico municipal nas datas 30.05.23 e 22.1.24 e tendo sido concedido trámite de audiencia ao interesado, considérase que o expediente se está tramitando de acordo co procedemento establecido na normativa de aplicación polo que, dende o punto de vista procedimental, se informa en sentido favorable; procede continuar coa tramitación do procedemento, debendo a Xunta de Goberno Local -como órgano competente- adoptar o pertinente acordo.

Advírtese que en cumprimento do previsto no art.88.6 da Lei 39/2015, para os efectos de que os informes técnicos e xurídico sirvan de motivación ao acordo municipal que se adopte, deben incorporarse ao texto do mesmo.”

12.- **EXPTE RELACIONADO** (na aplicación informática Tedec):

-Expte parcelación 2023/U018/000005, promovido a instancia de D. no que consta, entre outra documentación, acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.1.24 de concesión da licenza de parcelación urbanística solicitada para finca con referencia catastral

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- CONSIDERACIONS XURÍDICAS XERAIS:

Primeira. - Normativa xeral de aplicación:

- Artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016 de 22 de setembro, que aproba o regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia.
- Lei 22/88, de 28 de xullo de Costas.
- Decreto 97/2019 de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.
- Decreto 29/2010 de 4 de marzo, de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- Ordenanza de regulación da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do concello de Cedeira (BOP 13.10.14).
- Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/97 de Administración Local de Galicia.
- RD 2568/86, de 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

O Planeamento Xeral transitoriamente vixente é o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cedeira publicado no BOP de 14 de xuño de 1995, toda vez que o mesmo debe ser adaptado á Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia



Segunda.- A licenza urbanística ten por finalidade o sometemento ó control municipal dos actos de edificación e uso do solo tal e como se refire no art.142 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia.

As licencias se outogaran de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, e en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan o ordenación territorial ou urbanística (art.143 .1 da Lei 2/2016).

Terceira.-Tal e como sinala o artigo 142.2 da lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que foran procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

“(..). a) Los actos de edificación y uso del suelo y del subsuelo que, con arreglo a la normativa general de ordenación de la edificación, precisen de proyecto de obras de edificación.

b) Las intervenciones en inmuebles declarados bienes de interés cultural o catalogados por sus singulares características o valores culturales, históricos, artísticos, arquitectónicos o paisajísticos.

c) Las demoliciones, salvo las derivadas de resoluciones de expedientes de restauración de la legalidad urbanística.

d) Los muros de contención de tierras, según se establezca reglamentariamente.

e) Los grandes movimientos de tierras y las explanaciones.

f) Las parcelaciones, segregaciones u otros actos de división de terrenos en cualquier clase de suelo, cuando no formasen parte de un proyecto de reparcelación.

g) (suprimido pola Lei 7/2022 de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas)

h) La implantación de cualquier instalación de uso residencial, ya sea provisional o permanente.

i) La tala de masas arbóreas o de vegetación arbustiva en terrenos incorporados a procesos de transformación urbanística y, en todo caso, cuando dicha tala se derivase de la legislación de protección del dominio público.

(..).”

Cuarta.- Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo fosen realizados en terreos de dominio publico esixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirá ó órgano competente outorgar a licenza e ó particular obter o título habilitante (art.144.1 da Lei 2/16).

Non poderá concederse licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais de outras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia.(art. 144.4 da lei 2/16) .

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza requirisen a previa avaliación de impacto ambiental , non poderá outorgarse a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente ou cando fora negativa ou se tiveran incumplido as medidas correctoras determinadas na mesma (art.144. 3 da Lei 2/16).

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade ,consignarase expresamente esta circunstancia (art.144.2 da Lei 2/16).

Quinta.-No solo rústico de especial protección será preciso obter a autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou autorización autonómica nos casos en que esta fose preceptiva segundo o disposto no art.36 da Lei 2/16 .

Sexta.- O procedemento para levar a cabo a concesión da licenza urbanística se atopa recollido no art.143 da Lei 2/2016 do seguinte xeito:

1(...)



2. La competencia para otorgar las licencias corresponde a los municipios, según el procedimiento previsto en la legislación de régimen local. Las peticiones de licencia se resolverán en el plazo de tres meses, a contar desde la presentación de la solicitud con la documentación completa en el registro del ayuntamiento.

Para el otorgamiento de la licencia solicitada serán preceptivos los informes técnicos y jurídicos municipales sobre su conformidad con la legalidad urbanística.

3. Las solicitudes de licencias que se refieran a la ejecución de obras o instalaciones habrán de acompañarse de proyecto completo redactado por técnico competente, en la forma y con el contenido que se determine reglamentariamente.

Una vez presentado ante el ayuntamiento, el proyecto adquiere el carácter de documento público, respondiendo su autor de la exactitud y veracidad de los datos técnicos consignados en el mismo.

4. (Suprimido pola Lei 7/2022 de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas)

Sétima.- Segundo o art 21.1.q da Lei 7/85 o Alcalde é o competente para conceder licenzas urbanísticas salvo os casos exceptuados pola lexislación. Por resolución de Alcaldía de data 10.07.23 (nº 345/2023) se delega a competencia na Xunta de Goberno Local .

Oitava.- O outorgamento de licencias urbanísticas ten carácter regrado debendo examinarse se o acto proxectado é conforme á lexislación e ó planeamento urbanístico en cuxo caso concederáse, procedendo á denegación da licenza en caso de disconformidade.

En calquera caso as licencias se entenderán outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, e produciran efectos entre a corporación e o suxeito a cuxa actividade refíranse pero non alteraran as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

Así mesmo a concesión da licenza por parte da Administración municipal non exime ó seu titular da obtención doutras autorizacións a que haxa lugar segundo a normativa sectorial vixente.

Así mesmo, concedida a licenza, se selarán e se dilixenciarán os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

Novena.- Con carácter xeral o procedemento aplicable en materia de expedientes de licenza de obras é o procedemento administrativo común, que con carácter xeral se atopa recollido na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas), coas precisións establecidas de xeito xeral na lexislación de réxime local e no seu caso pola normativa sectorial reguladora de cada concreto tipo de licenza.

II.- CONSIDERACIONES JURIDICAS PARTICULARES:

Décima.-10.1.- En relación coa cuestión da representación, neste expediente D. presenta solicitude de licenza de edificación manifestando actuar en representación de D.

Consta incorporado ao expediente autorización de representación de D. (con sinatura manuscrita) a favor de D. e DNI da outorgante, dando cumprimento así ao previsto no art.5 da Lei 39/2015.

10.2.- Con carácter xeral o informe técnico municipal é o determinante no procedemento de concesión de licenzas, dado que segundo o previsto no art. 143.2 da Lei 2/2016 debe de ter por finalidade a verificación motivada de se a licenza solicitada se axusta á ordenación urbanística aplicable de aí que a motivación/conclusión que no informe técnico se conteña debe de ser a determinante, e servir de fundamento, para a concesión/denegación da licenza. Neste expediente consta ao respecto informe técnico concluínte emitido polo arquitecto técnico municipal en sentido desfavorable na data 30.5.23 (antecedente de feito (A.F) nº 5) mantendo o sentido desfavorable o



informe técnico de data 22.1.24 (A.F nº 9) emitido logo das alegacións presentadas en forma de novo proxecto técnico.

Para os efectos de poder avanzar na tramitación deste expediente e adoptar un acordo que garanta o cumprimento dos principios procedimentais básicos, cómpre verificar de xeito previo os seguintes extremos procedimentais:

A)- Consta no expediente informe técnico concluínte emitido polo arquitecto técnico municipal en sentido desfavorable na data 30.5.23 (A.F nº 5), se ben o feito de terse incorporado ao expediente documentación por parte do interesado (proxecto básico refundido) xustifica a emisión dun segundo informe técnico concluínte por parte do arquitecto técnico municipal de data 22.1.24 (A.F nº 9) que logo da valoración da nova documentación incorporada ao expediente mantén o carácter desfavorable do seu informe.

B) –Considerando que a motivación/conclusión que no informe técnico se conteña debe ser a determinante e servir de fundamento para o acordo que se adopte, de especial relevancia neste expediente atópase a cuestión da integración ao entorno da actuación solicitada, cuxa análise se realiza na consideración 3.2 do informe técnico de data 30.5.23, e no apartado nº 2 do informe técnico de data 22.1.24, e no que se conclúe que a actuación solicitada, en concreto a cuberta plana invertida non transitible con acabado en grava, non resulta conforme coa legalidade urbanística de acordo co disposto tanto na Lei do solo de Galicia como no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cedeira.

Tendo en conta este contexto que imposibilita xa a actuación solicitada, puntualiza o arquitecto técnico municipal nos seus informes concluíntes, que non se pode entrar a analizar polo miúdo o axuste do proxecto á restante normativa aplicable polo que non realiza máis consideracións.

C)- Por último, sendo emitido informe técnico desfavorable, verificase neste procedemento a concesión do trámite de audiencia (A.F nº 6) que se notifica en data 2.06.23, dando así cumprimento ao previsto no art.82 da Lei 39/2015.

Con data 1.9.23 preséntase escrito de alegacións -en forma de proxecto técnico refundido (A.F nº 7) -, sendo solicitado así mesmo polo interesado na data 9.1.24 (A. F nº 8) que se emitan os informes pertinentes para continuar coa tramitación do expediente. O informe técnico emitido con data 22.1.24 por parte do arquitecto técnico municipal (A.F nº 9) analiza a nova documentación incorporada ao expediente e se ben refire que a concesión da licenza de parcelación 2023/U018/000005, pero cunha referencia catastral, afecta á consideración 3.1 do seu informe inicial, mantén o sentido desfavorable do seu informe técnico concluínte, toda vez que na nova documentación incorporada, con respecto á integración ao entorno, non se expoñen ou aportan cuestións que modifiquen o informado anteriormente.

Polo exposto, con base nos informes técnicos do arquitecto técnico municipal de datas 30.05.2023 e 22.01.2024 e o informe xurídico da técnico de administración xeral de data 24.01.2024, transcritos nos antecedentes de feito cuxos contidos se incorporan ao texto da presente proposta en cumprimento do previsto no artigo 88.6 da lei 39/2015 co fin de servir de motivación da mesma, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Denegar a licenza de edificación solicitada por D. _____ para Vivenda Unifamiliar illada e peche de parcela en rúa do _____ (Referencia catastral: _____).
2. Notificar o presente acordo ao interesado.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACION DOS RÍOS DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023 CON NIF G70521745

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 15.01.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000006

Asunto: Aprobación da xustificación de subvención nominativa para a ASOCIACION DOS RÍOS DE CEDEIRA para o exercicio 2023 con NIF G70521745.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

O 19 de maio de 2023 asinouse o convenio de colaboración entre o Concello de Cedeira e a asociación dos ríos de Cedeira. O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da Asociación Arce.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable de Intervención de data 15 de xaneiro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACION DOS RÍOS DE CEDEIRA para o exercicio 2023 con NIF G70521745.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.650,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA ANO 2023

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 30.01.2024, que literalmente di:

“**Expediente nº:** 2024/G006/000020

Asunto: Aprobación da xustificación do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA ANO 2023.



PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Visto o convenio de colaboración entre o Concello de Cedeira e a Asociación de Protección Civil de Cedeira que foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de maio de 2023 e foi asinado o 19 de maio de 2023.

Visto que con data 26 de maio de 2023 se aprobou o aboamento do 100% do importe da subvención, retendo o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.

Visto que con data 28 de decembro de 2023, 16, 17 e 22 de xaneiro de 2024 a Asociación de Protección Civil de Cedeira presenta a documentación xustificativa do importe total da subvención.

Visto o informe favorable de Intervención de data 29 de xaneiro de 2024 relativo á xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Asociación de Protección Civil de Cedeira con CIF G15760143.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada do 30% do importe da subvención, 4.200,00€, correspondente á subvención destinada a actividades e 1.800,00€, correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A ASOCIACIÓN APADER DO EXERCICIO 2023 CON CIF G15051741

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 30.01.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000026

Asunto: Aprobación da xustificación da subvención para a asociación APADER do exercicio 2023 con CIF G15051741.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO



Visto que con data 23 de marzo de 2023 aprobouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a asociación APADER co obxecto de financiar os gastos de funcionamento da antedita asociación e concretamente no gasto de persoal da asociación.

Visto que con data 29 de marzo de 2023 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a asociación APADER.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola asociación APADER con CIF G15051741.

Visto o informe favorable de Intervención de data 29 de xaneiro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola asociación APADER con CIF G15051741.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 3.000,00 € abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

6. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA GASTOS DE COMISIÓNS DE FESTAS PARROQUIAIS DURANTE 2023: COMISIÓN DE FESTAS DE SAN ANTONIO DE CORVEIRO NIF V72467061

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 30.01.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000030

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencións para gastos de Comisións de Festas parroquiais durante 2023: comisión de festas de San Antonio de Corveiro NIF V72467061.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións para gastos de Comisións de Festas parroquiais durante 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 155/2023 de data 30 de marzo de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola comisión de festas de San Antonio de Corveiro NIF V72467061.



Visto o informe favorable de Intervención de data 29 de xaneiro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación dos gastos realizada pola comisión de festas de San Antonio de Corveiro NIF V72467061

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 399,99 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

7. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A BANDA DE MUSICA VILA DE CEDEIRA, CON NIF G15812530 PARA O ANO 2023.

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 01.02.2024, que literalmente di:

“**EXPEDIENTE:** 2024/G006/000031

Asunto: Aprobación da xustificación de subvención nominativa para a BANDA DE MUSICA VILA DE CEDEIRA, con NIF G15812530 para o ano 2023.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

O 12 de maio de 2023 aprobose o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Banda de Música Vila de Cedeira con NIF G15812530 para o ano 2023.

Visto que o día 19 de maio de 2023 asinouose o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Banda de Música Vila de Cedeira con NIF G15812530 para o ano 2023.

O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da antedita banda.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable de Intervención de data 31 de xaneiro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente,



RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Banda de Música Vila de Cedeira con NIF G15812530 para o ano 2023.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 3.300,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONES PARA GASTOS DE COMISIONS DE FESTAS PARROQUIAIS DURANTE 2023: COMISIÓN DE FESTAS SAN COSME Y SAN ROQUE NIF V70571864

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 31.01.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000034

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencions para gastos de Comisiones de Festas parroquiais durante 2023: comisión de festas San Cosme y San Roque NIF V70571864.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencions para gastos de Comisiones de Festas parroquiais durante 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 155/2023 de data 30 de marzo de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola comisión de festas de San Cosme y San Roque NIF V70571864 .

Visto o informe favorable de Intervención de data 31 de xaneiro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación dos gastos realizada pola comisión de festas de San Cosme y San Roque NIF V70571864

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 399,99 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.



CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

9. APROBACIÓN DO ACORDO DE AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO AO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 01.02.2024, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto. APROBACIÓN DO ACORDO DE AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO AO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

Visto o borrador do texto do Acordo de agrupación dos Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira para a solicitude da subvención do programa de apoio ao centro de información á muller proposto polo Concello de Ortigueira.

Visto que o día 8 de xaneiro de 2024, publicouse no DOGA a Resolución do 29 de novembro de 2024 da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade de xeito individual e mediante o sistema de xestión compartida e se procede a súa convocatoria para o ano 2024.

Na actual situación de crise económica, a xestión compartida dos servizos configúrase como unha solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes acordan a solicitude conxunta da subvención destinada aos Centros de Información á Muller contida na Resolución do 29 de novembro de 2024 da Secretaría Xeral de Igualdade.

Visto o informe de Secretaría de data 1 de xaneiro de 2024, favorable con observacións.

Considerando que a firma do antedito convenio non supón a adopción polo concello de novas competencias, xa que a súa finalidade é a solicitude conxunta polos Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira da subvención destinada aos Centros de Información á Muller, contida na Resolución do 29 de novembro de 2023 da Secretaría Xeral de Igualdade, neste suposto o CIM de Ortigueira, que consta recoñecido e acreditado desde o 31 de xaneiro de 2005, polo que non hai creación de novos servizos municipais ou asunción de novas competencias.

Resultando que en data 31 de xaneiro de 2024 se asina por esta Alcaldía a Memoria xustificativa formulada en cumprimento do disposto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo.



En base ó anterior, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- APROBAR O ACORDO DE AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO AO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER que se incorpora como anexo desta proposta.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.

Anexo

ACORDO DE AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO AO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

En Ortigueira, a de xaneiro de 2024

REUNIDOS

Dona Ana M^ª López Fernández, Alcaldesa do Concello de Cariño
Don Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde do Concello de Cedeira
Don Alberto Rey Paz, Alcalde do Concello de Cerdido
Don Alfredo Dovale Pedreira, Alcalde do Concello de Mañón
Don José Valentín Calvín Fondevila, Alcalde do Concello de Ortigueira.

Comparecen en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25.1 establece que “o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.”

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños/as. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar conxuntamente as actuacións públicas.

A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalacións, coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños/as unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.



Tercero.- Por outra banda é necesario que ás administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Cuarto.- A Secretaría Xeral de Igualdade convoca anualmente as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade, permitindo a **solicitude de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida**, das devanditas subvencións, entre as que se encontra a destinada ao apoio aos CIM.

O Día 8 de xaneiro de 2024, publicouse no DOGA a Resolución do 29 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que establecense as bases reguladoras das subvencións as entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (códigos de procedemento SI436A, SI435A y SI427B).

Quinto.- Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 40/2015, recollen ao longo do seu articulado o **principio xeral de colaboración interadministrativa**.

Sexto.- Por todo o anterior, os concellos asinantes acordan agruparse para a solicitude conxunta da subvención de apoio aos Centros de Información á Muller que anualmente convoca a Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade, mediante o presente convenio segundo as seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- O CIM

O Concello de Ortigueira ten recoñecido e acreditado un Centro de Información á Muller (CIM) dende o 14 de abril de 2005 cuxas funcións son segundo o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, as seguintes:

1. Os CIM, dentro do seu ámbito territorial e na súa área de influencia, poderán desenvolver as funcións e prestar os servizos que a continuación se relacionan:

- a) Asesoramento xurídico e atención psicolóxica ás persoas e colectivos a que se refire o artigo
- b) Atención específica ás mulleres vítimas de violencia de xénero e, de ser o caso, ás fillas, fillos e persoas menores ao cargo da muller vítima, ou maiores dependentes, facilitando o acceso aos recursos existentes na Comunidade Autónoma, incluíndo a xestión urxente cos servizos policiais, sanitarios, psicolóxicos, xudiciais e sociais que sexan oportunos.
- c) Atención específica a mulleres en situación de especial vulnerabilidade co obxectivo de mellorar a súa situación persoal, social ou laboral.
- d) Información sobre os recursos dispoñibles no seu ámbito territorial e, se é o caso, área de influencia.
- e) Difusión e sensibilización cidadá acerca da vixencia e aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes e da necesidade da consecución de igualdade de dereitos e de integración social do colectivo LGTBI.
- f) Funcionamento como canle de comunicación entre as persoas usuarias e os distintos organismos que teñan competencias en materia de muller e igualdade e atención e integración do colectivo LGTBI.
- g) Información sobre cursos, estudos e xornadas en materia de igualdade de oportunidades, tanto no ámbito de xénero como para o colectivo LGTBI e, en especial, difusión de actividades e servizos desenvolvidos polo órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) Realización de conferencias, encontros, xornadas e cursos sobre temas de especial incidencia na consecución do principio de igualdade, tanto no relacionado co xénero como coa temática da diversidade sexual.
- i) Actuacións de dinamización levadas a cabo por persoas expertas en xénero e igualdade, cara á integración da perspectiva de xénero nos programas e actuacións que desenvolve a entidade local, así como o establecemento de canles de comunicación e colaboración con outros axentes presentes no territorio e que poidan ser de interese para o desenvolvemento das actividades do centro no ámbito educativo, sanitario, etc.
- j) Recepción de denuncias e queixas en materia de discriminación por razón de xénero ou por razón da identidade ou orientación sexual no ámbito da publicidade e nos medios de comunicación e traslado destas aos órganos competentes.
- k) Fomento do asociacionismo e da participación das mulleres en todos os ámbitos.
- l) Colaboración co órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia naqueles casos en que este órgano o demande para a atención ás persoas usuarias e para a promoción da igualdade de xénero, no exercicio das súas competencias.
- m) Colaboración e coordinación con outras administracións públicas que poida redundar na mellora da atención ás persoas usuarias.



n) Impulso para a constitución e funcionamento das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero como mecanismo útil para a harmonización de todos os axentes e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.

ñ) Fomento do asociacionismo do colectivo LGTBI e de actividades encamiñadas á súa integración efectiva en todos os ámbitos da vida social e económica.

o) Calquera outra actividade que se adecúe ao obxectivo prioritario da consecución da igualdade, sobre todo nos ámbitos laboral e social.

2. De conformidade co establecido no artigo 2, as funcións das letras b) e c), relativas á violencia de xénero e á atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, terán carácter prioritario na actividade dos CIM.

3. Con respecto ao exercicio das funcións establecidas neste artigo relativas ao colectivo LGTBI, o persoal do CIM terá en conta a posibilidade de derivación cando existan servizos ou centros públicos de titularidade municipal ou autonómica especializados nesta materia no mesmo termo municipal, ou na entidade local correspondente, sempre que a persoa que solicita atención cumpra cos requisitos necesarios para poder ser atendida no servizo ou centro a que se deriva e este poida, de acordo coas funcións que lle son propias, prestar a información ou asesoramento concreto que se demanda.

SEGUNDA. – OBXECTO.-

O obxecto do presente convenio é fixar as principais liñas de colaboración para que os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira soliciten conxuntamente a subvención de apoio aos CIM convocada anualmente pola Secretaría Xeral de Igualdade, co fin de que o persoal do CIM de Ortigueira realice actividades de información, de asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación, e mellora de empregabilidade, ás persoas usuarias dos concellos agrupados, sen que isto supoña a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 da lei 5/1997.

TERCEIRA.- AMBITO TERRITORIAL

O ámbito territorial será o correspondente aos concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira.

CUARTA.- ACTUACIÓNS A REALIZAR

A. REPRESENTACIÓN DA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS

Os concellos asinantes nomean a José Valentín Calvín Fondevila, alcalde do Concello de Ortigueira, para a representación única, tanto na coordinación como na interlocución, ante a Secretaría Xeral da Igualdade.

B. OBRIGAS E COMPROMISOS

1. O Concello de Ortigueira como representante executará a actuación, solicitará a subvención de apoio aos CIM ante a Secretaría Xeral de Igualdade e será este concello quen reciba e xustifique íntegramente a totalidade da subvención.
2. A xestión do CIM será realizada polo Concello de Ortigueira e incluírá todo o relacionado cos aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc).
3. O persoal do CIM do Concello de Ortigueira, asesora xurídica e psicóloga, realizarán actividades de información, asesoramento, orientación, mellora da empregabilidade e formativas dirixida **a todas as persoas usuarias dos concellos agrupados**. O persoal dependerá exclusivamente do Concello de Ortigueira, sen que os concellos agrupados teñan ningunha vinculación legal co persoal do CIM.
Esta actividade desenvolverase dende a sede do Centro de Información á Muller do Concello de Ortigueira, situado actualmente no Centro Social, Alameda s/n da localidade de Ortigueira.
4. Os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido e Mañón prestarán colaboración técnica e administrativa e difundirán a existencia do servizo asumindo o compromiso solidario de responsabilidade, execución e aplicación da subvención, sen que teñan que facer aportación económica algunha.

QUINTA.- RECOÑECIMENTOS EXPRESOS DOS CONCELLOS AGRUPADOS

Os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira:

1. Os Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira cumpren os requisitos e condicións establecidos na Resolución do 29 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que establece as bases reguladoras das subvencións as entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade e cumpren cós requisitos e subvencións establecidos na normativa xeral de subvencións do artigo 8.3 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
2. Non están incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Están ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.



6. Teñen cumprido o requisito de remisión de contas xerais do exercicio 2021 ao Consello de Contas de Galicia.
7. O Concello de Ortigueira ten cumprido o requisito de remisión da memoria de funcionamento anual do CIM correspondente ao ano 2022 ante a Secretaría Xeral da Igualdade.
8. Coñecen as obrigas derivadas da convocatoria.
9. Comprométense a que as actuacións subvencionadas sexan desenvolvidas por profesionais con especialización acreditada nas áreas de igualdade entre mulleres e homes e/ou erradicación da violencia de xénero.
10. Os Concellos de Ortigueira, Cedeira, Cerdido e Cariño contan con Concellería de Igualdade.
11. Asumen o compromiso de colaboración e coordinación e traballo en rede a través da aplicación informática CIM desenvolvida pola S.X.I.
12. Os Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón renuncian á solicitude individual dun CIM.
13. Que os concellos integrantes da agrupación/asociación asumen o compromiso solidario de responsabilidade, execución e aplicación da subvención.
14. Que os concellos integrantes da agrupación/asociación asumen o compromiso solidario de non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei de Subvencións de Galicia, e todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da subvención.

SEXTA.-COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO, VIXIANZA E CONTROL

Para facilitar o seguemento, cumprimento e a coordinación do convenio, constitúírase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por un representante de cada concello, á que poderán asistir técnicos/as dos mesmos.

As súas principais funcións serán:

- a) O seguemento da xestión do Programa.
- b) A interpretación do convenio.
- c) A proposta, no seu caso, de adendas.
- d) Intervención previa á resolución por incumprimento.
- e) Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- f) Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

SÉTIMA.- VIXENCIA

O convenio estenderá a súa vixencia durante UN ANO sen prexuízo de que antes de que remate dito prazo os concellos acorden outro tipo de colaboración administrativa

OCTAVA – NATUREZA DO CONVENIO

O presente convenio ten natureza administrativa e ás discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

NOVENA.- NORMATIVA APLICABLE

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

DÉCIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO.-

Son causas de resolución: según o artigo 51 da LRJS

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

UNDÉCIMA – XURISDICCIÓN COMPETENTE

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais do orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes, no lugar e data que se sinala no encabezamento con distribución posterior aos asinantes da correspondente copia autenticada.

Asdo: D^a Ana M^a López Fernández
Alcaldesa de Cariño

Asdo: D. Pablo Diego Moreda Gil
Alcalde de Cedeira

Asdo: D. Alberto Rey Paz
Alcalde de Cerdido

Asdo: D. Alfredo Dovale Pedreira
Alcalde de Mañón



Asdo: D. José Valentín Calvín Fondevila
Alcalde de Ortigueira”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

10. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCLADÍA NÚM. 52/2024 DE DATA 24.01.2024 DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2024

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 52/2024 de data 24.01.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2024

Para fomentar a participación e manter a tradición do Entroido, o Concello de Cedeira organiza o “Desfile de Entroido 2024” o sábado 10 de febreiro de 2024 e convoca á veciñanza a participar nel e no tradicional concurso de disfraces.

Visto o RC nº 22/2024 - 220240000013 de data 24.01.2024.

Polo exposto, **RESOLVO:**

- 1.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público.
- 2.- Convocar o concurso de disfraces Entroido 2024.
- 3.- Aprobar as bases do mesmo, recollidas como anexo á presente resolución.
- 4.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde accidental, José Antonio Rodríguez Arribe, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.

ANEXO

ENTROIDO 2024 - BASES DO CONCURSO DE DISFRACES

O Concello de Cedeira organiza o desfile de Entroido 2024 o *sábado 10 de Febreiro ás 18:00 h.* Para fomentar a participación convócase un ano mais o tradicional concurso de disfraces de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA. Para participar e optar aos premios é imprescindible cubrir a solicitude de inscrición (Anexo A) e presentala no Rexistro do Concello (horario de 9:00 h. a 14:00 h.), ata o día 8 de febreiro de 2024 (hora límite – 14:00 h.). A persoa que actúe como representante será a que asine a solicitude de



participación e deberá acompañar a fotocopia do seu DNI/NIE/Pasaporte. O/a representante asumirá todas as responsabilidades do beneficiario/a do premio, incluídas as obrigas fiscais. De depender a comparsa ou grupo dunha persoa xurídica a inscrición realizarase a través da sede electrónica do concello cubrindo unha instancia xeral e especificando nela a categoría na que se concursa, así como achegarase un documento polo que se autoriza á representación á persoa que presenta a instancia.

SEGUNDA. Modalidades:

- **Carroza:** Valoraranse os diversos móbiles (carros, plataformas...) que participen no desfile. A participación nesta modalidade será sumatoria á calquera que permita o uso dun móbil.
- **Comparsa:** Considéranse comparsas un conxunto de persoas formado por un mínimo de 10 compoñentes representando un mesmo motivo.
- **Grupos:** Considéranse grupos un conxunto de persoas de entre 3 e 9 (ambos incluídos) compoñentes representando un mesmo motivo.
- **Asociación ou Centro Educativo:** Esta modalidade está destinada á participación de grupos vinculados aos distintos centros educativos ou asociacións municipais. Para participar nesta modalidade será obrigatorio un mínimo de 10 integrantes, sendo a maioría socios do colectivo ao que representan. *A inscrición nesta categoría é excluínte do resto de categorías.*
- **Parellas**
- **Individuais**

No caso de inscribir a **menores** nas modalidades de PARELLAS e INDIVIDUAIS deberá existir un responsable legal para a súa participación.

As modalidades de **comparsa, grupo e “asociación ou centro educativo”** poderán optativamente presentarse apoiados dun móbil (carro, plataforma...) que teña relación coa temática. Este móbil será valorado na modalidade de **carroza**.

A mesma persoa non poderá participar en máis dunha categoría.

TERCEIRA. Establécense un total de **5590 euros** entre os seguintes premios:

PREMIOS	COMPARSA (10 ou máis compoñentes)	GRUPO (De 3 a 9 compoñentes)	PARELLA	INDIVIDUAL
1º	1200 euros	600 euros	200 euros	100 euros
2º	1000 euros	400 euros	150 euros	80 euros
3º	800 euros	300 euros	100 euros	60 euros

- **PREMIO A CARROZA** (300 euros)
- **PREMIO A ASOCIACIÓN OU CENTRO EDUCATIVO** (300 euros)

CUARTA. A clasificación das distintas modalidades será determinada polo xurado do concurso. O xurado será designado polo Concello de Cedeira e quedará constituído por representantes municipais, de entidades culturais e sociais ou outras persoas de recoñecida capacidade.



QUINTA. Durante o desenvolvemento do desfile,o xurado estará valorando os seguintes aspectos nunha **escala do 1 ao 5**:

COMPARSAS – GRUPOS-ASOCIACIÓN OU CENTRO EDUCATIVO	PARELLAS - INDIVIDUAIS
Vestuario	Vestuario
Maquillaxe	Maquillaxe
Traballo feito a man	Traballo feito a man
Emprego de materiais de refugallo	Emprego de materiais de refugallo
Orixinalidade	Orixinalidade
Carroza ou similar	
Coreografía, letracreada e/ou música empregada	
Simpatía (involucrar ao público)	Simpatía (involucrar ao público)
Número de participantes	

CARROZA
Traballo feito a man
Emprego de materiais de refugallo
Orixinalidade
Uso por parte dos participantes
Estrutura

É recomendable, ás seguintes modalidades (**Comparsas-Grupos-Asociación-Centro Educativo**) realizar varias actuacións (baile, cancións creadas...) ao longo do desfile para unha mellor valoración. Ao remate do desfile, poderase realizar a actuación de cada grupo ou comparsa de forma voluntaria.

SEXTA. Os grupos e persoas participantes deberán presentarse na Estación de Autobuses ás 17:30 h, media hora antes do desfile e levar a cabo o percorrido marcado pola organización con remate na Praza Roxa. No suposto de non poder facerse o desfile por cuestións meteorolóxicas, buscarase unha data alternativa. De non ser posible realizar o desfile nas datas acordadas posteriormente, o desfile darase por **CANCELADO** ata a vindeira edición.

SÉTIMA. A orde de saída no desfile será designado pola organización, atendendo a cuestións como levar música soando na carroza ou ter previsto facer parada de baile.

OITAVA. Entrega dos diplomas acreditativos de premios terá lugar ao comezo da verbena da noite (23:30 h). Os participantes deberán estar presentes fisicamente na entrega dos premios para optar aos mesmos, exceptuando menores, que non se esixirá a súa presenza por cuestións de horario. No caso de grupos, comparsas e asociacións ou centros educativos será necesario a presenza de mínimo a metade dos participantes sen ter en conta aos menores. A información sobre a concesión de premios será publicada na páxina web do concello.

NOVENA. Os/as premiados/as deberán solicitar o pago do mesmo mediante transferencia bancaria, a partir do luns 19 de febreiro, no rexistro do Concello de Cedeira, polo seguinte procedemento:

- Solicitude de cobro do premio no rexistro do concello, cunha solicitude xeral e aportando un certificado dun número de conta onde figure como titular a persoa que inscribiu a comparsa, grupo, parella ou concursante individual.
- Os premios para Asociacións ou Centros Educativos do municipio, será ingresado nunha conta bancaria da que sexa titular a entidade.



DÉCIMA. Os presentes premios levarán consigo a retención en concepto de IRPF, que resulte da aplicación segundo as normas contidas na normativa reguladora do imposto.

UNDÉCIMA. A decisión do xurado será inapelable.O xurado do concurso terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

DUODÉCIMA. A participación no Concurso de Disfraces supón a total e plena aceptación destas bases.

DÉCIMO TERCEIRA. Estas bases saíran publicadas ao día seguinte da súa aprobación. Estarán dispoñibles para o seu acceso dixital na web do concello e de forma física no taboleiro de anuncios das oficinas xerais e na Oficina de Turismo municipal. Así mesmo, dárase publicidade da súa publicación a través do servizo municipal de información de whatsapp "Cedeira informa", do perfil de Facebook do concello e na cartelería das festas de Entroido.

ANEXO A

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO CONCURSO DISFRACES DE ENTROIDO DO CONCELLO DE CEDEIRA

DATOS DA PERSOA OU PERSOAS PARTICIPANTES

Nome da persoa/grupo			
Categoría			
Número de participantes			
Carroza		No	
Si		n	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

Nome e apelidos			
DNI			
Dirección para efectos de notificación			
CP		Localidade	
Teléfono			

OBSERVACIÓNS

1. A persoa asinante declara ser certos os datos aportados. No caso de detectarse falsidade, a persoa participante será dada de baixa da actividade.
2. A persoa que actúe como representante deberá acompañar a fotocopia do seu DNI/NIE/Pasaporte.
3. As persoas inscritas, ou no seu caso o/a titor/a, da a súa conformidade para o uso de fotos con fins promocionais das actividades municipais na páxina web, revistas, carteis e redes sociais do Concello de Cedeira.

Asinado

Data

”



A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

11. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 55/2024 DE DATA 29.01.2024 DE ACORDO DE COMPROMISO PARA O IMPULSO DAS POLÍTICAS DE INFANCIA A NIVEL LOCAL ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E FUNDACIÓN UNICEF COMITÉ ESPAÑOL. EXPEDIENTE: 2024/A006/000002

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 55/2024 de data 29.01.2024, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: ACORDO DE COMPROMISO PARA O IMPULSO DAS POLÍTICAS DE INFANCIA A NIVEL LOCAL ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E FUNDACIÓN UNICEF COMITÉ ESPAÑOL. EXPEDIENTE: 2024/A006/000002

O Pleno do Concello, en sesión realizada o 05 de maio de 2023, adoptou acordo aprobando o I Plan de Infancia e Adolescencia do Concello de Cedeira 2023-2028 no que se prevé, para garantir o compromiso e facilitar o seguimento do traballo realizado ao abeiro do Plan, a constitución do Consello Local de Infancia e Adolescencia de Cedeira (CLIA) como órgano consultivo municipal que se vertebra como espazo de diálogo permanente entre o goberno municipal e as nenas, os nenos e a adolescencia cedeiresa.

Avanzando na protección da infancia a da adolescencia propónse aprobar este acordo de Compromiso para o impulso das políticas de infancia a nivel local entre o Concello de Cedeira e Fundación UNICEF Comité Español.

O Concello de Cedeira e UNICEF Comité Español, no seu espírito de cooperación amistosa, queren asinar este acordo para establecer os compromisos de ambas partes para conseguir que o Concello de Cedeira cumpra cos requisitos establecidos para que a Secretaría Permanente de Cidades Amigas da Infancia, poidanlle considerar para formar parte da Iniciativa Cidades Amigas da Infancia.

Vista a memoria xustificativa, que esixen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Visto o informe de Secretaría de data 26.01.2024 e o informe de Intervención de data 29.01.2024.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no decreto nº 345/2023 de 10 de xullo.

En base ó anterior, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, consonte o disposto no Decreto Nº 345/2023 de 10 de xullo, por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- Aprobar a sinatura do acordo de Compromiso para o impulso das políticas de infancia a nivel local entre o Concello de Cedeira e Fundación UNICEF Comité Español, que se incorpora como anexo desta resolución.



TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do acordo.

CUARTO.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.

ANEXO

Compromiso para o impulso das políticas de infancia a nivel local

Concello de Cedeira e Fundación UNICEF Comité Español

Reunidos

Dunha parte, Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e que actúa en nome e representación deste, asistido da Secretaria da Corporación, Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

E por outra parte, a FUNDACIÓN UNICEF Comité Español, con NIF G84451087, inscrita no Rexistro de Fundacións de Competencia Estatal, baixo o número 759, con domicilio fiscal en C/ Mauricio Legendre 36 de Madrid, CP 28046, e no seu nome e representación Dna. Myriam Garabito Cociña, con NIF 02895508S, en calidade de Presidenta de UNICEF Comité Galicia e apoderada en virtude do acordó de apoderamento adoptado polo Patronato da Fundación UNICEF Comité Español, e elevado a público mediante escritura de poder outorgada o 21 de novembro de 2007 co número de protocolo 4130 ante o notario de Madrid, D. Martín Recarte Casanova.

Manifestan o seu interese en colaborar estreitamente a fin de impulsar os dereitos da infancia e a adolescencia no ámbito local.

Antecedentes

I.- Que UNICEF Comité Español é un dos 37 Comités Nacionais do Fondo das Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) Organismo Multilateral das Nacións Unidas, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para administrar e dispoñer dos seus bens a fin de poder levar a cabo os seus fins sociais. A súa misión principal é a supervivencia, a protección e o desenvolvemento da Infancia, promovendo o disposto na Convención sobre os Dereitos do Neno a través de actividades que promovan a solidariedade cara os seus fins e a participación social dos cidadáns.

II. Que desde o 2001, UNICEF Comité Español lidera a iniciativa Cidades Amigas da Infancia en España, co fin de apoiar ás Entidades Locais no seu rol de garante dos dereitos dos nenos e nenas a nivel local, no marco da Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno.

III. Que o Concello de Cedeira expresa, neste acordo, a súa bondade e interese de reforzar o seu compromiso no impulso dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes que viven na súa localidade mediante o impulso de políticas locais con enfoque de dereitos de infancia no marco da iniciativa Cidades Amigas da Infancia.

Polo tanto, o Concello de Cedeira e UNICEF Comité Español, no seu espírito de cooperación amistosa, asinan este acordo para establecer os compromisos de ambas partes para conseguir que o Concello de Cedeira cumpra cos requisitos establecidos para que a Secretaria Permanente de Cidades Amigas da Infancia, poidanlle considerar para formar parte da Iniciativa Cidades Amigas da Infancia.

O asinamento deste convenio de colaboración non garante por si mesmo a consideración de Candidato ou Recoñecido como Cidade Amiga da Infancia. Unha Entidade Local Candidata implica que puxéronse en marcha as estratexias necesarias (entre outras, contar cun Plan Local de Infancia - baseado nunha diagnose, con orzamento e sistema de seguimento que conte con indicadores-, un órgano de participación infantil e adolescente e un espazo de coordinación interno) e superaron satisfactoriamente unha avaliación dos requisitos por parte de UNICEF Comité Español. Unha Entidade Local Recoñecida, é aquela que despois de ser Candidata, pode demostrar avances medibles na realización dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes do seu municipio e superou satisfactoriamente unha avaliación dos requisitos por parte de UNICEF Español e a Secretaria Permanente de Cidades Amigas da Infancia. A condición de Candidato ou Recoñecido, están suxeitos a que a Entidade Local supere os requisitos e criterios de valoración a establecer por parte da Secretaria Permanente de Cidades Amigas da Infancia para cada un deles.

IV.- Que, dada a confluencia de obxectivos e intereses entre ambas partes, ambas acordan a formalización deste convenio, que se rexerá polas seguintes,

Clausulas

Primeiro. – Compromisos do municipio

O Concello de Cedeira comprométese a:

- Ter constituída e en funcionamento unha mesa de coordinación interna, con representación de diferentes concellerías da Entidade Local, que teña como finalidade impulsar e implantar de forma transversal o deseño dun plan local de infancia e adolescencia.



- Ter constituído un órgano de participación infantil e adolescente, que contará con recursos suficientes para o seu funcionamento regular e estable.
- Ter asignados responsables, dotar de recursos e ter elaborada unha diagnose con enfoque de dereitos de infancia, asignando responsables, dotando de recursos e consultando datos, elaborada de forma participativa (incluíndo á infancia) sobre a situación da infancia e adolescencia que vive na localidade.
- Dar seguimento de xeito participativo ao I Plan Local de Infancia e Adolescencia, que conte cun sistema de seguimento a través de indicadores, un grupo destes indicadores serán aqueles que estableceu Cidades Amigas da Infancia. Este Plan poderá ter unha duración entre 3 a 6 anos, ou a que estableza a Entidade local e estará vixente no momento de solicitar a súa consideración como candidato ou recoñecido.
- Dotar ao plan do orzamento requirido para a posta en marcha das medidas e accións que o mesmo contemple.
- Contar cun amplo respaldo político previo á solicitude da súa candidatura ao recoñecemento como Cidade Amiga da Infancia. Para iso aprobarase en pleno unha moción ao respecto, no prazo que indique a convocatoria.
- No momento en que a Entidade local conte coa diagnose, o plan local de infancia, o mecanismo de coordinación interno e o órgano de participación infantil e adolescente, solicitará a UNICEF España a súa consideración de candidato. Achegará para iso a información e documentación requirida por parte da Secretaría Permanente de Cidades Amigas da Infancia.
- Se se lle concede a categoría de candidato, seguirá implantando o seu Plan Local de Infancia e Adolescencia, impulsará o seu órgano de participación infantil, entre outras coa implantación de reunións frecuentes dos seus integrantes, e recollerá, a través de indicadores, evidencia dos logros acadados.
- Solicitará a súa condición de Entidade local recoñecida como Cidade Amiga da Infancia á Secretaría Permanente, no momento en que conte como mínimo cun ano de vixenciado seu plan local de infancia. Para iso deberá presentar evidencia dos logros obtidos mediante indicadores e proporcionar a información requirida por parte de UNICEF España.
- No caso de ser recoñecido, realizará as achegas bienais de información de avance do seu Plan Local de Infancia, conforme ao establecido pola Secretaría Permanente de Cidades Amigas da Infancia.
- No caso de ser recoñecido, e unha vez finalizado o prazo de vixencia do mesmo, 4 anos, solicitará a renovación desta consideración, conforme aos requisitos establecidos pola convocatoria.
- Fará uso da marca e logos, de UNICEF España e da Iniciativa Cidades Amigas da Infancia de acordo ao establecido na cláusula quinta deste convenio.
- Informará coa maior rapidez e dilixencia de situacións que involucren ao Concello de Cedeira, colaboradores e/ou persoal do concello e que poidan ser contrarias aos valores de UNICEF Comité Español e/ou implicar un risco para o bo nome de UNICEF, UNICEF Comité Español e/ou a Iniciativa Cidades Amiga da Infancia. Ambas as partes comprométese a colaborar na procura de accións inmediatas para evitar e abordar a situación de unha forma rápida e eficaz.

En casos extremos, cando se identifique de maneira obxectiva incumprimentos reiterados e continuados deste acordo, ou cando a Entidade Local, ou os seus máximos representantes, realice accións contrarias á Convención sobre os Dereitos do Neno, UNICEF Comité Español poderá resolver de forma unilateral este convenio previa consulta ao punto focal.

Segundo. - Compromisos de UNICEF Comité Español

UNICEF Comité Español comprométese a:

- Facer difusión a través dos canais da iniciativa Cidades Amigas da Infancia (www.Cidadesamigas.org) da condición de Municipio Candidato por parte da iniciativa.
- Brindar información, documentación e resolver dúbidas sobre o proceso de Candidatura ou de Recoñecemento como Cidade Amiga da Infancia.
- Incorporar ao Concello de Cedeira ás súas bases de datos a fin de que reciba información periódica sobre novos documentos, sesións formativas, eventos ou outros que teñan como destinatarios a Entidades Locais do territorio español.
- Brindar acceso á ferramenta de xestión de información da iniciativa para a realización da diagnose de situación, o seu Plan de Infancia e Adolescencia, así como para os informes periódicos que sexan preceptivos.

Terceiro. – Desenvolvemento da iniciativa

Sen prexuízo do anterior, as partes poderán acordar a posta en marcha de accións adicionais como parte desta colaboración, debendo quedar recollidas por escrito.

Cuarto. – Coordinación da iniciativa

As partes acordan designar un punto focal por cada Entidade para a coordinación deste acordo. Por parte do Concello de Cedeira désígnase a Noel López López, Concelleiro-Delegado de Educación, Mocidade e Normalización Lingüística, e por parte de UNICEF Comité Español a Marta Andrade Blanco. Se algunha das partes, cambia a persoa de punto focal, deberá informar do novo contacto, por escrito, tan pronto como sexa posible.

Quinto. - Comunicación e uso de logos



O asinamento deste convenio non ten asociado o uso dos logotipos da entidade e da iniciativa Cidades Amigas da Infancia. Só en casos excepcionais e para algunha actividade acordada previamente, UNICEF Comité Español, poderá autorizar o seu uso. En dito caso excepcional, o uso dos logotipos da entidade e a iniciativa están suxeitos a autorización previa e expresa por parte de UNICEF Comité Español. En ditos casos deberá aplicarse o Manual de Marca de Cidades Amigas da Infancia e o Libro de Marca de UNICEF Comité Español.

O incumprimento das obrigas en materia de utilización do nome e/ou o logotipo dá organización e dá iniciativa Cidades Amigas da Infancia, lexitimarán a UNICEF Comité Español para resolver o convenio de forma automática, e para esixir a correspondente indemnización polos danos e prexuízos que devandito incumprimento puidese ocasionar.

Sexto. - Confidencialidade da información.

Durante a vixencia deste acordo, as partes poderán compartir datos estatísticos, investigacións ou outra información. As partes poderán utilizar toda a información intercambiada en virtude deste acordo, excepto naqueles casos en que a parte que o forneceu establecese restricións ou reservas de uso ou difusión. A parte que recibe tal información cumprirá coas condicións que se lle notifiquen.

Salvo o establecido no parágrafo anterior ou acordado doutra maneira de forma escrita, ningún dous documentos ou información (en ningún formato) compartida entre as partes, e ningunha información ou material desenvolvido como resultado desta colaboración considerárase "confidencial".

Sétimo. – Duración.

O presente acordo entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia inicial de 2 anos, prazo máximo no que a Entidade local solicitará a condición de Candidato. Se a Secretaria Permanente concédelle esta categoría de Candidato, asinarase un anexo a este convenio, establecendo o prazo para presentar a súa solicitude como Recoñecido. A condición de Recoñecido, chegará carrexado igualmente da firma dun anexo a este convenio, onde se recollan os compromisos que conleva o recoñecemento.

Calquera das partes poderá resolver o presente acordo de forma unilateral cun aviso previo/previo aviso á outra parte de 30 días. Nese caso, ambas as partes comprométese a finalizar, de maneira ordenada, todas as actividades en proceso de realización. A colaboración terminará despois do período de trinta días. No momento dá expiración ou finalización do acordo de colaboración, todos os dereitos e permisos que cada unha das partes outorgoulle á outra terminarán; isto inclúe dereitos e permisos relacionados coa propiedade intelectual dá marca e logo.

UNICEF Comité Español poderá resolver de forma unilateral o presente acordo en calquera momento sen necesidade de aviso previo/previo aviso, se existe evidencia de que, a Entidade local está a incumplir calquera das obrigacións incluídas ou non dá cumprida resposta #ante a violación dalgún dúas dereitos dá infancia recollidos na Convención sobre os Dereitos do Neno.

En tales casos, o Concello de Cedeira deberá cesar de maneira inmediata no uso dos logos de UNICEF e da Iniciativa Cidades Amiga dá Infancia e suspenderá todas as actividades de promoción desta colaboración.

Para que conste aos efectos oportunos, asinamos en..... a... de ... de 2024

Dña. Myriam Garabito Cociña
Presidenta Comité Autonómico UNICEF Galicia
en nome de UNICEF Comité Español

D. Pablo Diego Moreda Gil
Alcalde do Concello de Cedeira ”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

12. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia accidental levántase a sesión ás 13:55 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE ACCTAL
JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE
(Resolución de Alcaldía Nº 62/2024 de 2 de febreiro-
Delegación da Presidencia da Xunta de Goberno Local)

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ